



Árbore  
Commemorativa

Especie doada pola  
comunidade escolar  
padronesa en recordo da  
celebración do Día da  
Árbore do ano 1999.



## SAGÚ DO XAPÓN

### "Sagú da comunidade escolar"

Cycas revoluta

*SABÍAS QUE...? Si se inxire é extremadamente venenosa, tanto para os seres humanos como para os animais. Os animais domésticos teñen un maior risco xa que atopan a planta especialmente saborosa.*

É un xénero pertencente á familia das Cycadaceae. Orixinaria de rexións tropicais e subtropicais do Xapón, China e Malaisia. A primeira ollada pódese confundir con unha palmeira, e por iso son coñecidas como falsas palmeiras, xa que non están emparentadas con elas. Teñen máis de 300 millóns de anos de existencia, por iso dise que son prehistóricas, practicamente fósiles.

**Nome común:** Cica, Sagú, cycas, planta de japon, palma de sagu, cycas revoluta, falsa palmera (cast.); Sagú do xapón (gal.); Sago palm, King sago, Sago cycad, Japanese sago palm (ing.).

#### Etimoloxía:

- Cycas: deriva do grego «kykas» empregado por Teofrasto ao referirse a unha palma. Con todo, a pesar do seu aspecto, as cicadáceas non teñen nada que ver coas palmas
- revoluta: do latín japonicus-a-um = procedente de Xapón

**Descrición da especie:** Espécimes moi lonxevos poden chegar a medir uns 6 ou 7 m de altura de tronco; con todo, ten un crecemento moi lento e require ao redor de 50-100 anos para acadar esta altura. O tronco é moi baixo e subterráneo nas plantas novas, pero alárgase por enriba do chan coa idade. Poden ramificarse varias veces, producindo así múltiples cabezas de follas. Estas son dun verde satinado profundo e duns 50-150 cm de longo en idade reprodutiva. Medran nunha roseta parecida a plumas. As estípulas das follas, apertadas, ríxidas e estreitas, teñen bordos fortemente recurvados ou revolutos. As estípulas basais parécense máis ás espiñas. Os pecíolos ou talos do Sagú teñen pequenas púas protectoras. Como sucede con outras cicadáceas, é dioica, cos pés masculinos portando conos de pole (estróbilo) e as femias con grupos de megasporófilos. A polinización pódese facer de forma natural, por insectos ou artificialmente.

